

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E A DIOCESE DE TUI - VIGO

En Santiago de Compostela, 18 de abril de 2017

REÚNENSE

Dunha parte, a **Secretaría Xeral da Emigración**, representada neste acto polo secretario xeral da Emigración D. Antonio Rodríguez Miranda, nomeado mediante Decreto 158/2016, de 24 de novembro, en virtude das facultades que lle confire a disposición adicional segunda do Decreto 88/2013, de 30 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

E doutra, a **Diocese de Tui-Vigo**, provista de código de identificación fiscal R-3600056J, intervindo neste acto o bispo de Tui-Vigo D. Luís Quinteiro Fiuza, D.N.I. 33184670-V.

As partes comparecentes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación, para a sinatura do presente convenio de colaboración e para estes efectos,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- As Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas suxeitas ao dereito privado ao abeiro do disposto no artigo 4 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.

SEGUNDO.- Segundo o establecido no artigo 4 do Decreto 88/2013, de 30 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, a Secretaría Xeral da Emigración é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao que lle corresponden as competencias en materia de desenvolvemento da Lei 7/2013, de 13 de xuño, da Galeguidade, as relacións coas comunidades galegas no exterior, as políticas de emigración e retorno en Galicia e a representación e participación nos órganos e foros relacionados coas mesmas que lle encomende a persoa titular da Presidencia da Xunta.

TERCEIRO .- A Secretaría Xeral da Emigración ten entre as súas competencias o de procurar que os emigrantes galegos e os seus descendentes manteñan e reforcen os seus vínculos con Galicia. Para elo, entre outras actuacións, ven prestando apoio a todos aqueles que procuren a busca de familiares ou de documentación que identifique a súa orixe, servindo de intermediación entre eles e as fontes onde se gardan os conseguintes arquivos xenealóxicos

CUARTO.- O longo traxecto percorrido pola diáspora do pobo galego, comezada ao inicio do século XIX, na procura, as mais das veces, de mellores condicións de vida, deu orixe a que viva fóra de Galicia un maior número de galegos ou descendentes que na propia terra. O transcorrer do tempo e o propio paso das xeracións de descendentes así como as vicisitudes históricas que aconteceron nestes séculos tanto en España e Galicia como nos estados nos que se asentaron, teñen forzado, as veces, a perda do contacto e da vinculación coa Galicia territorial e as súas familias de orixe dun grande número deles, malia que o espírito de pertenza e profundo cariño á terra e a súa cultura teña permanecido como unha herdanza irrenunciable que se transmitiu entre xeracións, moi especialmente nos países da rexión denominada Hispanoamérica.

Todo o antedito dá orixe a un permanente e grande número de persoas que manifestan o seu desexo de recuperar esa vinculación real, ven na procura de familiares ou lugares de orixe ben na procura da propia nacionalidade española. Esta última circunstancia viuse enormemente impulsada pola promulgación da chamada “Lei da Memoria Histórica” (Lei 52/2007), polo Estado español que orixinou que dende a súa publicación, moitas ducias de milleiros de descendentes se mobilizasen na procura da documentación que lles posibilitase acadar a ansiada nacionalidade española.

Os vieiros que utilizan os demandantes de documentación ou ven de familiares ou lugares de orixe de antecesores son fundamentalmente os que a propia administración galega pon ao seu dispor a través da Secretaría Xeral da Emigración ou ven directamente o través das fontes nas que se gardan os documentos de filiación: Os arquivos Diocesanos, os rexistros civís ou os propios concellos.

QUINTO.- O Arquivo Histórico Diocesano de Tui ven realizando nos últimos anos accións de inventariado e depósito dos arquivos parroquiais dispersos por toda a xeografía da Diocese. Estes arquivos constitúen unha fonte esencial para estudos e investigacións de tipo xenealóxico, demográfico ou social. Estes fondos documentais son de gran importancia para o mundo da emigración, pois constitúen unha ferramenta clave que axuda a demostrar a súa ascendencia galega a moitos dos descendentes dos emigrantes galegos.

Entre os fondos parroquiais atópanse os “libros sacramentais”. Estes libros teñen o seu comezo no século XVI e nestes anotábanse polos párrocos a celebración dos diversos sacramentos celebrados nas parroquias como bautismos, matrimonios e defuncións. Nos bautismos, matrimonios e defuncións facíase constar ademais dos datos da persoa, o nome, data e lugar de nacemento, nome e orixe dos seus pais e dos seus avós así como o nome e domicilio dos padriños. Estes libros constitúen unha fonte de información xenealóxica, demográfica e social dun valor incalculable.

SEXTO.- Dadas as características das actuacións a desenvolver e a natureza da entidade, esta secretaría xeral, tendo en conta o disposto no artigo 26.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, considera ao Arquivo Histórico Diocesano de Tui, como idóneo para desenvolver as actuacións obxecto deste convenio, non sendo posible promover a concorrência pública pois estes fondos atópanse unicamente nos libros sacramentais das Dioceses e subscríbense convenios coas cinco Dioceses que abranguen toda a distribución territorial de carácter relixioso da Comunidade Autónoma de Galicia.

Por todo o exposto, e tendo en conta a sintonía de obxectivos e a complementariedade dos mecanismos concorrentes para a súa consecución, as partes asinantes formalizan o presente convenio de colaboración, que recolle as seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

Este convenio ten por obxecto establecer o marco da colaboración entre as entidades asinantes para contribuír ao financiamento dos gastos derivados da consulta e expedición de certificados acreditativos da súa ascendencia galega aos emigrantes galegos e aos seus descendentes co fin de poder acceder á nacionalidade española, así como de informatizar e indexar os datos rexistrados das persoas físicas contidos nos libros sacramentais dos Fondos Parroquiais concentrados no Arquivo Histórico Diocesano de Tui-Vigo.

SEGUNDA. OBRIGAS DAS PARTES

A **Secretaría Xeral da Emigración** achegará para o financiamento dos gastos derivados do desenvolvemento das accións recollidas neste convenio un total de **dous mil cincocentos euros (2.500 €)**, con cargo á aplicación orzamentaria **04.30.312C.481.0**, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017.

A contía de dita achega está destinada a sufragar os gastos correntes para facilitar a emisión de certificados acreditativos ou consultas sobre a ascendencia aos emigrantes galegos e aos seus descendentes, tales como gastos de persoal, material e demais bens e servizos.

A **Arquidiocese de Tui-Vigo** obrígase a:

- Emitir certificados de ascendencia aos emigrantes galegos e aos seus descendentes por medio da consulta dos libros sacramentais dos fondos parroquiais concentrados no Arquivo Histórico Diocesano.

[Escriba texto]

- Informatizar e indexar os datos rexistrais das persoas físicas contidos nos libros sacramentais dos Fondos Parroquiais concentrados no Arquivo Histórico Diocesano de Tui - Vigo.

- Realizar actuacións co fin de facilitar o acceso e difusión deste importante patrimonio documental.

- Facilitar á Secretaría Xeral da Emigración información detallada acerca da súa actividade en relación co obxecto do presente convenio cando esta llo requira. Permitirlle o libre acceso aos fondos documentais do arquivo, agás aqueles sobre os que existise algún impedimento de tipo legal

- Facilitar toda a información que lle sexa requirida polo órgano xestor, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Cuentas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

TERCEIRA. PAGAMENTO E XUSTIFICACIÓN

En virtude do disposto no Título III, artigos 42 e 44 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a xustificación do convenio efectuarase na modalidade de conta xustificativa.

Trala sinatura deste convenio, en concepto de pagamento anticipado, efectuarase unha entrega de fondos como financiamento necesario para poder levar a cabo as accións previstas neste, por unha contía de **dous mil euros (2.000 €)**, atendendo ao disposto no artigo 63.1.Un do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro.

O importe restante, librarase no momento no que o beneficiario xustifique, na súa totalidade, o cumprimento da finalidade e demais condicións para as que se lle concedeu a axuda.

O pagamento efectuarase contra a presentación de conta xustificada que conterá a seguinte documentación:

- Certificación acreditativa na que se exprese que a totalidade dos fondos foron empregados na consecución dos obxectivos do presente convenio, asinada polo representante da entidade.

- Relación clasificada dos gastos coas actividades e servizos prestados, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data de pagamento.

- Documentos xustificativos dos gastos, tales como facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa. Para os efectos da súa consideración como subvencionable, considerase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados, e asinados polo beneficiario. Non obstante, para gastos de escasa contía por importes inferiores a 1.000 euros, aceptarase

[Escriba texto]

a xustificación do pagamento mediante recibín do proveedor, en virtude do disposto no artigo 42.3 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

- Se é o caso, os tres presupostos que se esixen en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- No seu caso, a carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos intereses derivados destes.

- Memoria final detallada das actuacións levadas a cabo ao abeiro do convenio asinada polo representante da entidade na que se fará constar os obxectivos acadados.

- Relación nominativa e numerada das partidas expedidas polo Arquivo Histórico Diocesano en execución deste convenio asinada polo seu director.

Antes da sinatura do convenio e antes de facerse efectivo cada pagamento aportaranse as seguintes declaracións:

- Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto aprobadas como as pendentes de resolución, concedidas para os mesmos fins que son obxecto deste convenio, das distintas Administracións Públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades ou de entidades privadas.

- Declaración responsable do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento algunha débeda co Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia ou de ser debedor por resolución de procedemento de reintegro.

O prazo de xustificación deste convenio remata o 15 de outubro de 2017.

De conformidade co establecido no artigo 65.5.4h) do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade queda exonerada da constitución de garantías recibidas como pago anticipado, por ser unha entidade sen ánimo de lucro que desenvolve proxectos de acción social.

De non xustificaren o importe total da subvención obxecto do convenio, e sempre e cando se tivera acadado o seu obxecto, a Secretaría Xeral da Emigración minorará a súa achega proporcionalmente ao non xustificado.

A obtención desta axuda é compatible coa obtención doutras axudas para este mesmo fin. A suma do conxunto das axudas solicitadas e/ou concedidas para o obxecto do convenio non poderá superar o 100% do custo da actividade a desenvolver.

CUARTA.- MODIFICACIÓN DO CONVENIO

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación do convenio.

2. Igualmente, e de conformidade co establecido no artigo 31.4 da Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, o convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

QUINTA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN DO CONVENIO

Sen prexuízo das causas xerais establecidas no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia serán causa de resolución do presente convenio e darán lugar, no seu caso, ao reintegro das cantidades percibidas cos seus correspondentes xuros, as seguintes:

- a) O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas neste convenio.
- b) A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.

SEXTA.- REINTEGRO

Procederase ao reintegro, total ou parcial, da cantidade percibida cos xuros de mora devengados desde o momento do seu pagamento nos casos sinalados no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

De acordo co artigo. 14.1.n da Lei 9/2007, os criterios de graduación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade a minorar ou reintegrar serán os seguintes:

- a) O incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro da totalidade da axuda percibida.
- b) Calquera outro incumprimento considerárase incumprimento parcial dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación, e dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente á inversión non efectuada ou non xustificada.

SÉTIMA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión paritaria que estará integrada por catro persoas, dous representantes da Secretaría Xeral da Emigración, dos cales un será o presidente e dous representantes da entidade.

A Comisión terá as seguintes funcións:

[Escriba texto]

- a) Facer o seguimento e control do desenvolvemento do convenio.
- b) Interpretar e resolver as dúbidas que se poidan suscitar na aplicación do convenio.

Está Comisión actuará segundo o previsto no Capítulo II do Título Preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativa a subvención concedida serán resoltas pola persoa titular da Secretaría Xeral da Emigración.

OITAVA .- RELACIÓN LABORAL

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, ou de calquera outra natureza, entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto deste convenio coa Secretaría Xeral da Emigración, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir á mencionada secretaría responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria.

A Secretaría Xeral da Emigración, ou o persoal dela dependente, non impartirá instrucións nin ordes aos traballadores contratados para a execución deste convenio.

A Secretaría Xeral da Emigración poderá comprobar en todo momento o cumprimento por parte da outra parte das obrigas laborais e de aseguramento do persoal destinado a executar as actuacións obxecto deste convenio.

NOVENA.- PUBLICIDADE, SEGUIMENTO E COLABORACIÓN

En virtude do establecido nos artigos 18 e 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o convenio deberá ser publicado a través da Base de datos nacional de Subvencións (BDNS), que operará como sistema nacional de publicidade de subvencións a través da súa páxina web, www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/es/index.

Igualmente, e de conformidade co artigo 15 da lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a Xunta de Galicia manterá un rexistro de convenios público e accesible, no cal se fará pública a información básica en materia de transparencia, a través do Portal da transparencia e goberno aberto. Así mesmo, a Secretaría Xeral da Emigración publicará no Diario Oficial de Galicia unha relación dos convenios subscritos, e publicará a través da súa páxina web <http://emigracion.xunta.gal> a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas.

A entidade asinante presta o seu consentimento para que os seus datos persoais que consten no convenio, e mailo resto das especificacións contidas no mesmo podan ser obxecto da devandita publicidade.

A Arquidiocese de Tui - Vigo obrígase a:

a) Actuar con suxeición ás obrigas sinaladas para os beneficiarios de subvencións ou axudas públicas do artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

b) Facer constar, en todo tipo de publicidade e información que se realice en desenvolvemento deste programa, a condición de entidade subvencionada pola Secretaría Xeral da Emigración, así como o seus correspondentes logotipos.

c) Facilitar a actuación dos técnicos da Secretaría Xeral da Emigración no referente ao seguimento das actividades obxecto da axuda.

d) Subministrar á Secretaría Xeral da Emigración, en virtude do disposto no artigo 4 da lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Secretaría Xeral da Emigración das obrigas previstas no Título I da citada Lei.

DÉCIMA.- RÉXIME XURÍDICO

O réxime xurídico deste convenio vén determinado polo establecido no mesmo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións nos seus preceptos básicos e demais normativa que sexa de aplicación. En relación coa normativa xeral sobre convenios será de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

En caso de incumprimento do presente convenio, transgresión na súa execución ou desistimento pola outra parte procederase á súa inmediata resolución. Concorridos tales supostos esta entidade reintegrará ao Tesouro da Xunta de Galicia as contías aboadas, cos xuros a que deán lugar de conformidade coa normativa autonómica de aplicación e nos prazos máis perentorios que a mesma dispuxese.

As lagoas ou diverxencias que puideran apreciarse na aplicación do presente convenio (agás as que teñen que ver co outorgamento, xustificación, pagamento, reintegro e determinación de responsabilidades relativas a subvención concedida que serán resoltas polo Secretario Xeral da Emigración), integraranse, interpretaranse e resolveranse motivadamente pola administración autonómica, logo do ditame non vinculante da comisión a que fai referencia a cláusula sétima. Contra estas resolucións e polo carácter administrativo deste convenio, poderase interpoñer os oportunos recursos contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

DÉCIMO PRIMEIRA.- VIXENCIA

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte ao da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 15 de outubro de 2017, agás que sexa denunciado por algunha das partes, por incumprimento dos acordos que nel se recollen .

Porén, de acordo co artigo 2.1.b. da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, as achegas económicas poderán financiar as accións necesarias para o cumprimento do obxecto do convenio realizadas a partir do 1 de xaneiro de 2017.

[Escriba texto]

En proba de conformidade con canto antecede, asinan o presente convenio, por duplicado exemplar, no lugar e data sinalados no encabezamiento.

O SECRETARIO XERAL DA
EMIGRACIÓN

O BISPO DE DE TUI-VIGO

Antonio Rodríguez Miranda

Luís Quinteiro Fiuza